

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

*RESOLUCIÓN do 22 de novembro de 2024 pola que se modifica parcialmente a Resolución do 19 de xuño de 2024, conxunta da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e da Axencia Galega de Innovación, pola que se adjudican as axudas da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (códigos de procedemento ED481B e IN606B).*

A Orde do 27 de decembro de 2023 (DOG núm. 35, do 19 de febreiro de 2024), conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Consellería de Economía, Industria e Innovación, establece as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2024 das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

Mediante a Resolución do 19 de xuño de 2024 (DOG núm. 124, do 27 de xuño), concedéronse as axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral ás entidades que contraten as persoas seleccionadas que se relacionan no anexo I da citada resolución.

O artigo 17 da orde de convocatoria establece que no caso de que se produza algunha renuncia ou outra causa de extinción da relación laboral, a entidade beneficiaria deberá comunicala á Secretaría Xeral de Universidades ou á Axencia Galega de Innovación (segundo sexa o caso), e que se poderá adjudicar unha nova axuda de acordo coa prelación sinalada na lista de espera, sempre e cando a renuncia se produza antes do 30 de setembro de 2024.

No mesmo artigo tamén se indica que as renuncias soamente poderán ser cubertas coas solicitudes da lista de espera do órgano instrutor en que se produzan e que a persoa substituta quedará suxeita ás mesmas condicións durante o tempo de aproveitamento da axuda.



A competencia para adxudicar unha nova axuda correspóndelle, por delegación da persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, á persoa titular da Secretaría Xeral de Universidades, de acordo co artigo 17.5 da Orde do 27 de decembro de 2023.

En consecuencia, atendendo ás renuncias recibidas na Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

### RESOLVO:

Primeiro. Aceptar a renuncia ás axudas de formación posdoutoral que se indican a continuación:

Nº expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	Data de renuncia
ED481B-2024-067	UDC	Arias	Ferreiro	Goretti	Non asina contrato
ED481B-2024-069	UDC	Rojo	Mejuto	Natalia	Non asina contrato
ED481B-2024-090	UVigo	Liz	Domínguez	Martín	Non asina contrato

Segundo. Aceptar as renuncias á lista de agarda que se indican a continuación:

Nº expediente	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome
ED481B-2024-045	USC	Díaz	Navarro	Sonia

Terceiro. Conceder as axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral convocadas pola Orde do 27 de decembro de 2023 ás entidades que contraten as persoas seleccionadas que se relacionan no anexo I desta resolución.

Cuarto. Declarar extinguida a lista de espera.

Quinto. Redistribuír o crédito destinado ao financiamento destas axudas entre as universidades beneficiarias segundo as renuncias e as novas adxudicacións.

Univ.	Nº de axudas	Crédito (en euros)							
		2024	2025	2026	2027	2028	2029	2030	Total
UDC	9	85.500,00	438.000,00	463.000,00	355.500,00	441.000,00	441.000,00	364.500,00	2.588.500,00
USC	21	180.500,00	1.033.333,34	1.044.000,00	826.500,00	1.027.000,00	1.029.000,00	894.166,66	6.034.500,00
UVigo	10	85.500,00	463.666,67	501.500,00	394.000,00	489.000,00	490.000,00	426.833,33	2.850.500,00
	40	351.500,00	1.935.000,01	2.008.500,00	1.576.000,00	1.957.000,00	1.960.000,00	1.685.499,99	11.473.500,00

Sexto. A data de comezo dos contratos será o 1 de decembro de 2024, cunha duración de 6 anos.



Sétimo. As entidades beneficiarias deberán remitir un escrito de aceptación da axuda á Secretaría Xeral de Universidades, no prazo de dez días contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución e vincularán as persoas seleccionadas aos seus organismos mediante a formalización do correspondente contrato.

Oitavo. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2024

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional  
P.D. (Artigo 13 da Orde do 27.12.2023)  
José Alberto Díez de Castro  
Secretario xeral de Universidades

## ANEXO I

### Axudas concedidas procedentes da lista de espera

Universidade de Santiago de Compostela.

Nº exp.	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Rama de coñecemento	Bolseiro Fulbright	1ª estadia		2ª estadia		Nota
							Datas	Zona	Datas	Zona	
ED481B_019	USC	Mariño	Calvo	María Vanesa	Artes e Humanidades	Non	1.3.2025 ao 28.2.2027	2			99,50
ED481B_011	USC	Moreno	Zurita	Alba	Artes e Humanidades	Non	1.3.2025 ao 31.10.2026	2			99,50

Universidade de Vigo.

Nº exp.	Entidade	1º apelido	2º apelido	Nome	Rama de coñecemento	Bolseiro Fulbright	1ª estadia		2ª estadia		Nota
							Datas	Zona	Datas	Zona	
ED481B_088	UVigo	García	Fuentes	Olalla	Ciencias Sociais e Xurídicas	Non	1.3.2025 ao 28.2.2026	1	1.3.2026 ao 28.2.2027	1	99,70

